

## ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/3	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

6 de marzo de 2025

**Duración:**

Desde as 20:36 ata as 21:35

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

**Presidida por:**

Gonzalo Louzao Dono

**Secretaria:**

María Jesusa Fernández Bascuas

### ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	NON
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	NON
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	NON
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 6 DE FEBREIRO DE 2025**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión sesión ordinaria celebrada o día 6 de febreiro de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**Expediente 919/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓN PROVINCIAIS DE A CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Visto o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as as Deputacións Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, asinado o 30/12/2024.

Visto que as funcións dos GES resultan de vital importancia para a cidadanía, xa que velan pola seguridade e a prevención de riscos, consistindo en:





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal de titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.
- Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.
- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntamentos de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.
- Colaborar e, de ser o caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.





- Realizar actividades e, se é o caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicadas nos apartados anteriores.
- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido á tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

Vista a proposta emitida con data 18/02/2025 pola Alcaldía-Presidencia, aos efectos de informes xurídico e de fiscalización.

Visto o informe de Secretaría de data 19/12/2025.

Visto o informe de fiscalización, emitido o 19/12/2025 pola interventora municipal.

Vista a proposta de resolución PR/2025/246, emitida con data 19/12/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, adoptado en sesión do 26/02/2025.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

### **Resolución:**

Adherirse ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, asinado en data 30/12/2024, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

A adhesión terá efectos plenos desde o 1 de xaneiro de 2025.





**Expediente 1163/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE PASE DE DETERMINADOS FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL FIXO Á SEGUNDA ACTIVIDADE.**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Feitos e fundamentos de dereito:**

Visto o Regulamento municipal de pase de determinados funcionarios e persoal laboral fixo á segunda actividade, aprobado inicialmente en data 19 de maio de 1995, posteriormente modificado por acordo plenario de 6 de outubro de 2016.

Vista a proposta de modificación do artigo 7 do nomeado Regulamento municipal, emitida con data 21/02/2024 pola Alcaldía-Presidencia, segundo a cal dito artigo quedaría redactado do seguinte xeito:

*“Os traballadores municipais (laborais ou funcionarios) que pasen á situación de segunda actividade conservarán as retribucións básicas que viñan percibindo no posto de orixe (soldo base e trienios), así como as retribucións complementarias (Complemento Específico e de Destino para o persoal funcionario e Complemento I e II para o persoal laboral). Así mesmo, terán dereito aos incrementos que se poidan producir no seu posto de orixe”.*

Visto o certificado da secretaria da Mesa de Negociación, Dna. Vanessa Rodríguez Varela, na que consta que, na sesión celebrada o 12/02/2024, tratouse a anterior proposta coa conformidade das centrais sindicais asistentes.

Visto o informe emitido con data 10/02/2025 pola secretaria deste concello.

Vista a dilixencia de conformidade emitida pola interventora municipal o 19/02/2025.

Vista a proposta de resolución PR/2025/247, emitida o 19/02/2025 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, adoptado en sesión do 26/02/2025.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sende adoptado, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**Resolución:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación do artigo 7 do Regulamento Municipal de pase de determinados funcionarios e persoal laboral fixo á segunda actividade, quedando redactado do seguinte xeito:





“Os traballadores municipais (laborais ou funcionarios) que pasen á situación de segunda actividade conservarán as retribucións básicas que viñan percibindo no posto de orixe (soldo base e trienios), así como as retribucións complementarias (Complemento Específico e de Destino para o persoal funcionario e Complemento I e II para o persoal laboral). Así mesmo, terán dereito aos incrementos que se poidan producir no seu posto de orixe”.

**Segundo.-** Someter dita modificación do Regulamento municipal de pase de determinados funcionarios e persoal laboral fixo á segunda actividade a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello [<http://aestrada.sedelectronica.gal>].

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

**Expediente 8304/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 18, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

### Feitos e fundamentos de dereito:

Visto que, na Ordenanza Fiscal nº 18, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, modificada inicialmente por acordo plenario de data 7 de novembro de 2024 e publicada a súa aprobación definitiva no BOP nº 18 de 28/01/2025, se regula a seguinte bonificación, co seguinte teor literal (Anexo II. Cadro de tarifas):

“...Poderanse efectuar concertos cos contribuíntes cunha redución máxima sobre as tarifas do 30 %...”

Visto que o concelleiro delegado de Facenda, en atención ás recomendacións do ORAL, entende que a súa redacción actual pode plantexar problemas ao non quedar suficientemente determinados os requisitos e condicións para poder acceder á dita redución, segundo proposta emitida con data 7 de febreiro de 2025.





Visto que, unha correcta redacción eliminaría trabas burocráticas, un maior control dos ingresos e unha mellora da organización interna, dado que as solicitudes se tramitarían dunha sola vez, facilitando ademais unha mellora no control da policía.

Visto o informe-proposta da Tesourería municipal de data 7 de febreiro de 2025, que informa que a proposta do concelleiro delegado de Facenda é tecnicamente viable e informa favorablemente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 18 vixente denominada Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, para concretar a seguinte bonificación “...Redución na cota de tarifa nun 30 % para aqueles suxeitos pasivos que soliciten autorización da ocupación para os seis meses ou máis do exercicio...”

Visto o informe favorable de Secretaría xeral de data 13 de febreiro de 2025, e a dilixencia de conformidade de Intervención municipal de data 21 de febreiro de 2025.

Visto o sinalado no disposto no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a proposta de resolución PR/2025/261, emitida o 21 de febreiro de 2025 polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado na sesión celebrada o 27 de febreiro de 2025.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

### **Resolución:**

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 18 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, que quedaría así redactada (Anexo II. Cadro de tarifas):

*“...Poderase aplicar unha redución na cota de tarifa nun 30 % para aqueles suxeitos pasivos que soliciten autorización da ocupación para os seis meses ou máis do exercicio...”*

**Segundo.-** Someter o expediente a trámite de información pública, por prazo de trinta días hábiles mediante o seu anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios da Corporación, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará dispoñible na sede electrónica desta entidade [<http://aestrada.sedelectronica.gal>].





**Terceiro.-** Considerar que, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo é definitivo, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**Cuarto.-** Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

**Expediente 989/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

#### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Vista da moción elaborada conxuntamente por todos os grupos políticos municipais e que se transcribe literalmente de seguido:

*“Os Grupos políticos municipais, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*As Nacións Unidas con motivo do Día Internacional da Muller ven centrando a súa atención en Investir nas mulleres, acelerar o progreso, centrándose en cinco áreas que requiren unha acción conxunta: acabar coa pobreza e coa desigualdade, poñer en marcha un financiamento transformador para a igualdade de xénero, pasar a un desenvolvemento sostible e a unha sociedade dos coidados e apoiar os feminismos e movementos que impulsan o cambio.*

*Levamos anos avanzando grazas ao traballo de milleiros de mulleres, asociacións e colectivos que conseguiron facer do feminismo un movemento sólido e acadar novos dereitos. Nos últimos tempos, estanse a vivir momentos de profundas transformacións sociais, económicas e culturais arredor de todo o mundo. Crises humanitarias, inxustizas e violencia que poñen en risco os dereitos conseguidos ata o de agora.*

*Neste ano, o 8M queremos conmemorar todos os avances conseguidos ata a actualidade, pero tamén promover a consciencia das desigualdades sociais que seguen existindo. Por isto, este día quere reivindicar a necesidade imperante de investir e de mobilizar recursos para garantir os dereitos das nenas e mulleres, de loitar contra a violencia de xénero e de crear sociedades inclusivas.*

*O Grupos que formamon parte do Pleno do Concello de A Estrada queren sumarse ás*







*reivindicacións e celebración do día de hoxe para poñer de manifesto a importancia do investimento para acadar a igualdade real e efectiva nun eido vital para o desenvolvemento da nosa sociedade e do noso Concello.*

*Un día coma o de hoxe, cómpre lembrar e poñer en valor os pasos dados nos últimos tempos para alcanzar unha sociedade máis xusta e equitativa, como a aprobación dae leis tanto no ámbito autonómico con estatal en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes que promove as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e garantindo os dereitos das mulleres nos eidos rural e marítimo pesqueiro.*

*Por todo o exposto, os Grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE) instan a acordar por parte do Pleno municipal:*

*Primeiro.- Dirixirse á Xunta de Galicia para:*

- Impulsar o emprendemento feminino e o fomento de mulleres en sectores altamente masculinizados.*
- Colaborar coas organizacións na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización, apoiando a instalacións de puntos violetas en eventos nos que sexa oportuno a súa presenza a efectos de información e asesoramento.*
- Continuar coa formación dos CIM e do persoal orientador das oficinas de emprego e dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais libres dos prexuízos e estereotipos de xénero.*
- Fomentar a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio profesional tanto no ámbito público coma no privado.*

*Segundo.- Dirixirse ao Goberno do Estado para:*

- Incrementar os fondos do Plan Corresponsables para adecuar as accións ás necesidades reais da sociedade co obxectivo de chegar á maior poboación posible.*
- Unificar todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero e que todos eles teñan o mesmo tratamento orzamentario, para que chegue ás comunidades autónomas e os Concellos de unha maneira mais eficaz*

*Terceiro.- O Concello, no marco das súas competencias, comprométese a:*

- Fomentear os plans de conciliación , buscando fundamentalmente unha maior empregabilidade das mulleres no tecido económico local.*
- Colaborar coas asociacións de mulleres do concello co obxectivo de promover a igualdade en todos os eidos.*
- Seguir no proxecto xa iniciado da adhesión dos locais de ocio nocturno do*





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

*municipio ao Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGTBfóbicas, a fin de dar maior información e protección as mulleres nun ámbito de especial vulnerabilidade.*

- *Colaborar e coordinar co resto das administracións locais fundamentalmente as pola súa proximidade á cidadanía, coas administracións autonómica e estatal para prestar os servizos de calidade que permitan conseguir cidades e vilas libres de violencia machista, onde a autonomía e independencia das mulleres sexa unha realidade presente.”*

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, adoptado na sesión celebrada o 27 de febreiro de 2025.

Deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

### **Resolución:**

**Primeiro.-** Dirixirse á Xunta de Galicia para:

- Impulsar o emprendemento feminino e o fomento de mulleres en sectores altamente masculinizados.
- Colaborar coas organizacións na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización, apoiando a instalacións de puntos violetas en eventos nos que sexa oportuno a súa presenza a efectos de información e asesoramento.
- Continuar coa formación dos CIM e do persoal orientador das oficinas de emprego e dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais libres dos prexuízos e estereotipos de xénero.
- Fomentar a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio profesional tanto no ámbito público coma no privado.

**Segundo.-** Dirixirse ao Goberno do Estado para:

- Incrementar os fondos do Plan Corresponsables para adecuar as accións ás necesidades reais da sociedade co obxectivo de chegar á maior poboación posible.
- Unificar todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero e que todos eles teñan o mesmo tratamento orzamentario, para que chegue ás comunidades autónomas e os Concellos de unha maneira mais eficaz





**Terceiro.-** O Concello, no marco das súas competencias, comprométese a:

- Fomentar os plans de conciliación , buscando fundamentalmente unha maior empregabilidade das mulleres no tecido económico local.
- Colaborar coas asociacións de mulleres do concello co obxectivo de promover a igualdade en todos os eidos.
- Seguir no proxecto xa iniciado da adhesión dos locais de ocio nocturno do municipio ao Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGTBfóbicas, a fin de dar maior información e protección as mulleres nun ámbito de especial vulnerabilidade.
- Colaborar e coordinar co resto das administracións locais fundamentalmente as pola súa proximidade á cidadanía, coas administracións autonómica e estatal para prestar os servizos de calidade que permitan conseguir cidades e vilas libres de violencia machista, onde a autonomía e independencia das mulleres sexa unha realidade presente.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E 28 DE FEBREIRO DE 2025 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 28 de febreiro de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-0144 ao número 2025-0278 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguintes persoas asistentes no público:

- Dna. Balbina Martínez Ramallal (DNI: [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.





Levántase a sesión sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos do día do seu comezo.

---

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace que se sinala a continuación, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2025/03/11/pleno-concello-de-a-estrada-6-de-marzo-2025/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

88279E841CDF372662BF1A4C8106006AEDF91BC1F8B4B452EE21528B657E94CA

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

